

### **Acordo de colaboración**

## **VIAXES EROSKI LANZA UNHA NOVA LIÑA DE NEGOCIO DE RENTING DE VEHÍCULOS XUNTO A ALD AUTOMOTIVE**

- **O novo servizo ofrécese de xeito multicanle a través da app, da web e da venda asistida presencial na rede de axencias**
- **A división Travel Air tamén ofrece *renting* de coches para empresas cunha gama exclusiva de automóbiles**
- **Os socios de EROSKI Club contan con ofertas especiais**

**Elorrio, 5 de xuño do 2019.**- [Viajes EROSKI](#) diversifica a súa oferta e lanza unha nova liña de negocio de *renting* de vehículos xunto a [ALD Automotive](#). Ambas as dúas compañías asinaron un acordo de colaboración que contempla condicións especiais para os socios de EROSKI Club.

O novo servizo de mobilidade ofrécese de xeito multicanle. A oferta dixital xestiónase dende a web [www.eroskimovilidad.com](http://www.eroskimovilidad.com) e a través da sección "As miñas promocións" da app EROSKI e da venda asistida presencial, dende a rede de axencias de Viaxes EROSKI.

A súa división de viaxes de empresa, [Travel Air](#), tamén ofrece este novo servizo de mobilidade para empresas cunha gama exclusiva de automóbiles.

Os Socios Cliente de EROSKI que contraten este novo servizo recibirán 100 euros de aforro na súa tarxeta EROSKI Club.

*"A alianza subscrita con ALD Automotive permítenos ofrecer un novo servizo para poder cubrir todas as necesidades de mobilidade que hoxe teñen os consumidores. E facémolo de xeito omnicanal, para que os máis de 6 millóns de Socios Cliente do grupo EROSKI teñan todas as facilidades para acceder á oferta eficiente e competitiva que ofrecemos",* explicou o director Comercial de Viaxes EROSKI, Sergio Gómez Oruna.

Pola súa banda, o director Comercial de Retail e B2C de ALD Automotive, José Luis Hernández, afirmou que *"se trata dun acordo clave, fundamentalmente de cara á difusión do renting na zona norte e Baleares, onde EROSKI é líder. A través da súa ampla rede de distribución ábreanse moitas posibilidades para achegar o aluguer de*

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

##### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

vehículos a todo tipo de consumidores, especialmente aos Socios Cliente de EROSKI e ás empresas".

### **Promoción 50 Aniversario**

Para o seu lanzamento, e co gallo da celebración do 50 aniversario de EROSKI, configúrouse unha oferta especial para os socios de EROSKI Club, que ofrece un Toyota CHR 1.8 125 H Advanced ao prezo de 340 euros/mes (IVE incluído) durante 36 meses e 15.000 quilómetros.

### **Sobre Viaxes EROSKI**

É unha das axencias líderes do sector, especialista na viaxe vacacional e con máis de 174 centros en toda España. Amais das súas oficinas online [www.viajeseroski.es](http://www.viajeseroski.es) e [www.viatgescaprado.es](http://www.viatgescaprado.es). Conta ademais coa súa división especializada en viaxes de empresa e organización de congresos, [Travel Air](#), que entre outras funcións se encarga de negociar as mellores Tarifas en Compañías aéreas, Coches de Aluguer e Hoteis.

Viaxes Eroski é a primeira Axencia de Viaxes cos certificados de calidade UNE-EN-ISO 9001-2018, UNE 189001 de Servizos Turísticos de Intermediación (Q de Calidade Turística do ICTE) e co certificado Q de prata 2015 como recoñecemento á excelencia na xestión empresarial. Ademais, conta co selo de Turismo Familiar outorgado pola Federación Española de Familias Numerosas.

### **Sobre ALD Automotive**

[ALD Automotive](#) é un líder global en solucións de mobilidade que ofrece servizos completos de renting e xestión de frotas en 43 países a unha base de clientes formada por grandes empresas, pemes, profesionais e particulares. Como líder na súa industria, sitúa a mobilidade sostible no centro da súa estratexia, brindándolles aos seus clientes solucións de mobilidade innovadoras e servizos adaptados á tecnoloxía, axudándoos a centrarse nos seus negocios. Con 6.500 empregados en todo o mundo, ALD xestiona 1.68 millóns de vehículos (en marzo do 2019). ALD cotiza en Euronext Paris (compartment A; ISIN: FR0013258662; Ticker: ALD) e inclúese no índice SBF120. O accionista propietario de ALD é Sociéte Générale.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
XURDANA FERNÁNDEZ

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)